



Sociedade Galega de Historia Natural

Dende 1973 estudiando, divulgando e defendendo o medio natural galego

Delegación de Pontevedra

Apartado de Correos nº 303 36600 VILAGARCÍA DE AROUSA


www.sghn.org

pontevedra@sghn.org

REXISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA
REXISTRO DO EDIFICIO ADMINISTRATIVO DE PONTEVEDRA
PONTEVEDRA

ENTRADA 17621 / RX 265358

Data 07/02/2019 12:17:49



Xosé Lois Rey Muñiz, provisto de D.N.I. nº 35451163K, actuando en representación da Delegación de Pontevedra da SOCIEDADE GALEGA DE HISTORIA NATURAL (SGHN), con enderezo a efectos de notificación no apartado de Correos nº 303 de Vilagarcía de Arousa; CP 36600, en relación co Proxecto Marco C.E. BENEDICTA nº 1.544 Situado en Atios – Budiño (O Porriño, Pontevedra) do que é peticionario: POCASA – PORRIÑESA DE CANTEIRAS, S.A. e sobre a que foron presentadas diversas alegacións á Consellería de Industria por esta entidade no período establecido ó efecto.

EXPÓN:

1. Que o proxecto situase nos límites da ZEC “Gándaras de Budiño” (ES1140011).
2. Que se solicitou que tanto o proxecto de explotación como o plan de restauración sexan sometidos á avaliación de impacto ambiental segundo o establecido no artigo 7 da Lei 21/2013, de 9 de decembro, de avaliación ambiental, xa que están recollidos nos supostos 7.2.a) ou 7.1.b) ó estar incluído no grupo 3.h) do Anexo II: Explotacións a ceo aberto e extracción de turba. En calquera caso estaría incluído no suposto 7.2.b) o que obrigaría ao proxecto a ser sometido a avaliación de impacto ambiental simplificada por afectar á Rede Natura.
3. Que existen evidentes riscos de alteración do ZEC “Gándaras de Budiño” (ES1140011) ó non contemplar estudos hidrolóxicos que permita valorar o impacto na ZEC Gándaras de Budiño. Este espazo protexido sufre historicamente o impacto da actividade industrial do Val da Louriña, entre eles o das explotacións de granito.
4. Que coñecendo a complexidade da lexislación sobre minería e recuperación das explotacións mineiras, esta entidade plantexou á Consellería de industria que dado o tamaño e impacto do conxunto de canteiras C.E. BENEDICTA nº 1.544, a administración, tanto de industria como de medio ambiente, coa colaboración que lle require a lexislación española, debe plantexarse unha avaliación a longo prazo sobre o futuro desta zona sita tan próxima ó LIC-ZEC Gándaras de Budiño. Unha xestión ambiciosa e pensada na sinerxias económicas e ambientais debería avaliar e fomentar a conversión desta zona, unha vez rematada a súa vida útil industrial nun solo ou polígono industrial e promover activamente o translado das industrias equivalentes en superficie de solo ocupado presentes á beira la lagoa de Gándaras de Budiño e o solo desafectado destas empresas e/ou instalacións, recuperalo e anexelo ó vaso de Gándaras, recuperando parte da antiga superficie natural da zona e ampliando e reforzando a zona legalmente protexida.



Sociedade Galega de Historia Natural

Dende 1973 estudiando, divulgando e defendendo o medio natural galego

Delegación de Pontevedra

Apartado de Correos nº 303 36600 VILAGARCÍA DE AROUSA

www.sghn.org

pontevedra@sghn.org

SOLICITA:

1. Que esta Consellería promova os cambios lexislativos necesarios, tanto na administración central como autonómica para que se actualicen os requisitos legais da lexislación mineira enfocado a
 - a) Facilitar e promover unha permuta de terreos cando exista un interese ambiental e sempre sen prexuicio das arcas públicas, intereses patrimoniais da sociedade civil e sempre libres de cargas ambientais negativas (contaminación de calquera tipo, riscos de seguridade, etc)
 - b) Os proxecto de recuperación das zonas mineiras deben contemplar inequivocamente a restauración ó seu estado anterior e cando isto non sexa posible, como exemplo unha canteira ó que se retirou parte do seu volume, que esta restauración promova o asentamento de especies autóctonas e en especial as catalogadas por algunha figura de protección.
2. Que se teña dado por presentado este escrito ante a Dirección Xeral de Medio Ambiente da Consellería de Medio Ambiente e Industria e dea resposta ó mesmo.

En Vilagarcía de Arousa, a 7de febreiro de 2019.

A handwritten signature in black ink is placed over a circular official stamp. The stamp contains the text "SOCIEDADE GALEGA DE HISTORIA NATURAL" around the perimeter and "VILAGARCIA DE AROUSA" in the center. Below the signature, the name "Sdo.: Xose Lois Rey Muñiz" is written in capital letters.

**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA.
DIRECCIÓN XERAL DE MEDIO AMBIENTE. SANTIAGO.**